



Gañadores 97/98

O 23 de maio de 1998, miles de persoas se reuniron no parque de Acea de Ama (Culleredo-A Coruña) para participar na gran festa fin de curso, onde se entregaron os premios aos centros autores dos mellores proxectos ambientais do curso:

PREMIO GALICIA:

IESP de Vilanova (Vilanova de Arousa)
«Impacto ambiental do turismo no parque de Carreirón e zona de influencia»

PROVINCIA DA CORUÑA:

IESP de Noia (Noia)
«Cartografía dos usos, recursos e impactos da ría de Noia»

PROVINCIA DE LUGO:

Centro Educativo Santo Anxo (Rábade)
«Saída e servizo á comunidade»

PROVINCIA DE OURENSE:

IESP Carballiño (Carballiño)
«Estudo climático da comarca de Carballiño»

PROVINCIA DE PONTEVEDRA:

CP Enrique Barreiro Piñeiro (Cambados)
«Adecuación ambiental do centro escolar»

Os gañadores do premio Galicia marcharon de viaxe a Segovia, onde visitaron o Palacio da Granxa de San Idelfonso e o museo do Vidro. Tamén percorreron os camiños do parque nacional das Tablas de Daimiel, en Cidade Real. Os catro galardoados provinciais recibiron diverso material de campo para os seus traballos.

